

**INTERVENCIÓN**

MRT/mbp

Refª: \\froilan\grupos\GrContratacion\EXPEDIENTES CONTRATACION\XESTION SERVIZO PUBLICO\AUTOBUSES URBANOS\ANEXO IV- ESTUDIO ECONÓMICO

Asunto:

**ASUNTO: INFORME RELATIVO Ó REXIME ECONÓMICO PARA A CONTRATACIÓN DA CONCESIÓN DO SERVIZO DO TRANSPORTE PÚBLICO URBANO DE LUGO ACTUALIZADO A DATA DO 30/06/2014.**

No informe realizado con data 26 de xuño de 2013 para a estimación do importe anual do servizo de transporte urbano, tomábanse de referencia as partidas de gasto implicadas na explotación deste servizo verificadas e aprobadas por esta administración. Transcurrido o prazo de casi nove meses, sería necesario actualizar o referido informe por cambiar circunstancias relevantes que deben considerarse no cálculo dos custos.

As previsións realizadas no mencionado informe obrigaban a incorporación de 4 autobuses no momento da adxudicación para completar a flota existente de 21 vehículos ata os 25 esixidos no prego, e para cumprir o criterio da antigüidade máxima dos vehículos adscritos durante o período de concesión, que non poderán exceder de 15 anos, así como a idade media da flota que non poderá exceder dos 10 anos, establecíase un plan de renovación da mesma, na que ós seis meses posteriores á adxudicación deberían incorporar 6 unidades novas que substituirían os vehículos máis antigos, e así sucesivamente, en función do plan de renovación fixado.

No momento do presente informe e tomando como referencia a data 30/06/2014, o plan de renovación da flota véese modificado para dar cumprimento os criterios anteriores, de idade media da flota e antigüidade máxima dos vehículos, sendo necesario no momento da adxudicación, a incorporación inmediata de 10 vehículos novos. Isto supón que, ademáis dos 4 necesarios para incrementar a flota ata 25, os seis restantes substituirán os seis máis antigos, os cales non se adscribirán á nova concesión, debendo o novo adxudicatario facerse cargo dos 15 autobuses cronolóxicamente máis recentes que prestan servizo actualmente.

Así, o plan de renovación da flota actualizado á data 30/06/2014 para os dez anos de período concesional quedaría do seguinte xeito:

**PLAN DE RENOVACIÓN DA FLOTA DE AUTOBUSES**

Data renovación	30/06/2014	05/04/2015	20/07/2015	28/04/2018	01/09/2019
Cantidade	10 unidades	1 unidade	1 unidade	1 unidade	2 unidades
	30/06/2014	31/12/2015		31/12/2018	31/12/2019
Vida media da flota	4,79 anos	5,09 anos		7,49 anos	7,29 anos

## INTERVENCIÓN

MRT/mbp

Refª: \\froilan\grupos\GrContratacion\EXPEDIENTES CONTRATACION\XESTION SERVICIO PUBLICO\AUTOBUSES URBANOS\ANEXO IV- ESTUDIO ECONÓMICO

Asunto:

Data renovación	17/10/2020	09/11/2021	26/04/2022	10/09/2022	27/02/2024
Cantidade	2 unidades	1 unidade	1 unidade	1 unidade	1 unidade
	31/12/2020	31/12/2021	31/12/2022	30/06/2024	
Vida media da flota	7,09 anos	7,49 anos	7,29 anos	8,19 anos	

En relación coa compensación da amortización pendente que figuraba no anterior informe pola parte non amortizada dunha serie de elementos de inmovilizado da anterior concesión, este Concello pon a disposición do novo adxudicatario o uso destes activos totalmente amortizados como consecuencia da súa actualización, non estando incluído ningún gasto derivado desta partida. En consecuencia, este Concello liquidará na última factura coa actual empresa que presta servizo, o importe pendente que corresponda, no seu caso, para saldar esta partida.

Sí deberán ser a cargo do adxudicatario os custos de transferencia e os seguros dos vehículos provenientes da reversión da anterior concesión a utilizar para a explotación do novo servizo, durante o tempo de vida útil que lle reste a cada un deles, dacordo ás condicións de idade máxima e idade media da flota.

Concesuencia derivada do novo plan de renovación da flota é a estimación plantexada dos gastos de mantemento, na que se incluía inicialmente unha previsión dos custos que por este concepto estánse a pagar na actual prestación, e que ó dar de baixa no momento de inicio da nova concesión dos 6 vehículos con máis antigüedad, (quedan adscritos 15 autobuses dos 21 que compoñen a flota actualmente), os gastos de mantemento deberán reducirse ó adiantarse cronolóxicamente as dotacións de vehículos novos.

A partida de gastos financeiros inclúe tódolos custos financeiros derivados fundamentalmente de investimentos necesarios para manter a idade media da totalidade da flota en función do plan de renovación dos vehículos durante o prazo concesional, así como unha partida menor das comisións bancarias polas recargas das tarxetas de transporte dos usuarios e as do transporte metropolitano. Así, considerando a incorporación inmediata de 10 vehículos, e seguindo o plan de incremento previsto de dotación dos autobuses, resultaría un valor actualizado a data 30/06/2014 de 100.000 € anuais aproximadamente en concepto de gastos financeiros das adquisicións dos vehículos; e polas comisións bancarias de xestións das tarxetas estímase un global de 24.000 € anuais.

A última partida de gasto que sofre variación á vista dos gastos reais do último ano, sería a partida de custos varios de servizos profesionais, que engloba asesoría fiscal, contable, laboral, auditorías, tratamento de fondos, prevención de riscos, etc, reducíndose nun 15% respecto ó previsto inicialmente.

## INTERVENCIÓN

MRT/mbp

Refª: \\froilan\grupos\GrContratacion\EXPEDIENTES CONTRATACION\XESTION SERVICIO PUBLICO\AUTOBUSES URBANOS\ANEXO IV- ESTUDIO ECONÓMICO

Asunto:

En relación ós restantes gastos de explotación considerados no estudio, mantéñense as mesmas cantidades, ó non existir cambios relevantes que afecten na actualización deste informe.

Así, o gasto en personal (soldos e salarios) queda fixado no importe estimado no estudio anterior ó non sufrir practicamente variación có respecto ó gasto real do último ano. Nese gasto está incluído o custo dun delegado e un inspector-conductor que actualmente prestan os seus servizos e forman parte da plantilla.

Asimesmo, a relación aportada pola empresa actual, dos traballadores que actualmente prestan servizo é necesario actualizala, pois existen dez traballadores que causaron baixa na empresa nos meses de xullo de 2013 (4 conductores), agosto de 2013 (1 conductor), setembro de 2013 (4 conductores) e outubro de 2013 (1 conductor), sendo substituídos por outros conductores que se incorporaron á plantilla laboral coas mesmas condicións salariais. Polo tanto, esta circunstancia non ten incidencia nos custos globais ó trátase de persoal sen antigüidade, que percibe a mesma retribución que o resto de traballadores, en función dos conceptos recollidos no convenio salarial aplicable de transporte de viaxeiros por estrada da provincia de Lugo.

### **Fórmula xeral de retribución ó concesionario:**

Tal e como se manifestaba no informe anterior do 26 de xuño de 2013, o concesionario percibirá como retribución un pago por servizo que será o resultado de multiplicar un prezo por quilómetro polos quilómetros útiles efectivamente percorridos no período a liquidar.

O prezo por quilómetro ten como obxecto retribuír os gastos de explotación considerando os custos salariais, combustible, mantemento dos vehículos (reparacións, inspección técnicas...), seguros, mantemento das instalacións, mantemento do SAE e das canceladoras, custos xerais (incluíndo gastos en asesorías, tratamento de fondos, gastos de xestión...), e os gastos financeiros tanto das incorporacións de vehículos como as comisións bancarias pola xestión das tarxetas, así como o beneficio industrial correspondente.

En base ós datos que obran neste Concello da actual concesión, acreditados mediante a aportación de xustificantes e facturas para verificar as liquidacións mensuais a aprobar por esta Administración, e tralas consideracións realizadas anteriormente de adecuación dos gastos ás circunstancias actuais, a estrutura das partidas de gastos anuais implicadas na prestación deste servizo quedaría fixada según o seguinte detalle:

**INTERVENCIÓN**

MRT/mbp

Refª: \\froilan\grupos\GrContratacion\EXPEDIENTES CONTRATACION\XESTION SERVICIO PUBLICO\AUTOBUSES URBANOS\ANEXO IV- ESTUDIO ECONÓMICO

Asunto:

<b>Partidas de custos que conforman o CPK:</b>	<b>Importe anual</b>
Custos de persoal	1.381.579,60
Combustible	796.415,01
Mantemento de vehículos	378.643,31
Custos explotación e mantemento do SAE	70.850,09
Arrendamentos	60.000,00
Seguros	66.362,69
Gastos varios de administración	12.000,00
Custos varios de asesorías, prevenc riscos, tratamento fondos, gtos xestión	96.257,82
Gastos financeiros de leasing dos vehículos	100.000,00
Outros gtos financ (comisión tarxetas Novagalicia, transporte metropolitano)	24.000,00
<b>Total gastos previstos de explotación</b>	<b>2.986.108,52</b>
Beneficio industrial	298.610,85
<b>Total gastos previstos anuais</b>	<b>3.284.719,37</b>

Así, estimando un total de quilómetro útiles de 1.425.802,81 quilometros anuais, según datos proporcionados polo Xefe de Servizo de Enxeñería e o Gabinete de Tráfico, o prezo por quilómetro máximo quedará fixado en:

<b>Prezo máximo unitario por km</b>	<b>2,30</b>
-------------------------------------	-------------

A facturación ó Concello resulta da diferenza entre o pago por servizo (prezo por quilómetro e os quilómetros útiles efectivamente percorridos) e a recadación por ingresos tarifarios.

O cálculo dos ingresos que o adxudicatario recade dos usuarios pola utilización do transporte público urbano, en base ás tarifas fixadas e aprobadas por este Concello, estimábase en función dunha media anual dos últimos tres exercicios facturados (2010-2011-2012), e como xa existen datos do ano 2013, procede, igualmente a actualización dos ingresos, tomando a media dos anos 2011-2012-2013 que será o importe a considerar para o 1º ano de contrato, que se irán actualizando en función dun incremento anual previsto do 2,5% de revisión das tarifas, a partir da 2ª anualidade de execución.

**Ingresos facturados tres últimos anos**

Ingresos 2011	1.093.771,37
Ingresos 2012	1.077.022,93
Ingresos 2013	1.026.726,55
<b>Media anual de ingresos</b>	<b>1.065.840,28</b>

**INTERVENCIÓN**

MRT/mbp

Refª: \\froilan\grupos\GrContratacion\EXPEDIENTES CONTRATACION\XESTION SERVIZO PUBLICO\AUTOBUSES URBANOS\ANEXO IV- ESTUDIO ECONÓMICO

Asunto:

Finalmente, para a estimación da evolución do canon publicitario e o prezo unitario por quilómetro para os dez anos de período concesional, estáse o establecido na disposición adicional octoxésima oitava da Lei 22/2013, de 23 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, de desindexación respecto a índices xerais de contratos do sector público, quedando sen aplicación ningún tipo de índice general de prezos o fórmula que o contenga.

En base ás observacións e modificacións recollidas no informe do Interventor Xeral, de actualización e adecuación dos cálculos da facturación, entendida ésta como a diferenza entre o prezo do contrato e os ingresos obtidos pola aplicación das tarifas polo pago de billetes, con independencia da liquidación en concepto de canon por publicidade, que terá incidencia no correspondente reflexo orzamentario específico, admitíndose a compensación financeira pero non orzamentaria, a previsión do estudio económico ó longo do prazo de duración da concesión será o seguinte:

	Ano 1	Ano 2	Ano 3	Ano 4	Ano 5
<b>Total ingresos previstos por tarifas</b>	<b>1.065.840,28</b>	<b>1.092.486,29</b>	<b>1.119.798,45</b>	<b>1.147.793,41</b>	<b>1.176.488,24</b>
<i>Estimación de incremento anual: 2,5%</i>					
Quilómetros percorridos	1.425.803	1.425.803	1.425.803	1.425.803	1.425.803
Prezo máximo por quilómetro	2,30	2,30	2,30	2,30	2,30
<b>Pago por servizo</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>
<b>A pagar polo Concello (facturación)</b>	<b>2.218.878,65</b>	<b>2.192.232,64</b>	<b>2.164.920,49</b>	<b>2.136.925,53</b>	<b>2.108.230,69</b>
Ingresos anuais mínimos por publicidade	69.000,00	69.000,00	69.000,00	69.000,00	69.000,00
<b>Liquidación final a pagar polo Concello</b>	<b>2.149.878,65</b>	<b>2.123.232,64</b>	<b>2.095.920,49</b>	<b>2.067.925,53</b>	<b>2.039.230,69</b>

**INTERVENCIÓN**

MRT/mbp

Refª: \\froilan\grupos\GrContratacion\EXPEDIENTES CONTRATACION\GESTION SERVICIO

PUBLICO\AUTOBUSES URBANOS\ANEXO IV- ESTUDIO ECONÓMICO

Asunto:

	Ano 6	Ano 7	Ano 8	Ano 9	Ano 10
<b>Total ingresos previstos por tarifas</b>	<b>1.205.900,45</b>	<b>1.236.047,96</b>	<b>1.266.949,16</b>	<b>1.298.622,89</b>	<b>1.331.088,46</b>
<i>Estimación de incremento anual: 2,5%</i>					
Quilómetros recorridos	1.425.803	1.425.803	1.425.803	1.425.803	1.425.803
Prezo máximo por quilómetro	2,30	2,30	2,30	2,30	2,30
<b>Pago por servizo</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>	<b>3.284.718,93</b>
<b>A pagar polo Concello (facturación)</b>	<b>2.078.818,48</b>	<b>2.048.670,97</b>	<b>2.017.769,77</b>	<b>1.986.096,05</b>	<b>1.953.630,47</b>
Ingresos anuais mínimos por publicidade	69.000,00	69.000,00	69.000,00	69.000,00	69.000,00
<b>Liquidación final a pagar polo Concello</b>	<b>2.009.818,48</b>	<b>1.979.670,97</b>	<b>1.948.769,77</b>	<b>1.917.096,05</b>	<b>1.884.630,47</b>

Lugo, a 20 de marzo de 2014  
A Técnico do Servizo de Intervención

Asdo: María Baza Poudereux